

A XERENCIA DO CHUAC RETIRA A CONTENCIÓN MECÁNICA E TRASLADA AO PACIENTE Á UNIDADE HOSPITALARIA DE PSIQUIATRÍA TRAS A DENUNCIA PÚBLICA DO MGSM

Ontes quitáranlle parcialmente as contencións. Hoxe trasládano á unidade de psiquiatría.

Pouco hai que celebrar. Actuaron tarde, moi tarde. E só pola repercusión mediática. Antes, a Xerencia dera aos medios unha resposta vergonzosa, desviando o asunto polo que fora cuestionado, nun formato-tipo ao que nos teñen acostumados cando destapamos unha noticia similar, que é agocharse detrás dos profesionais.

Pero a noticia deixa moitas preguntas no aire:

Pensa a Xerencia do CHUAC iniciar unha investigación, asumir a súa responsabilidade e actuar en consecuencia?

Cantas veces máis haberá que denunciar publicamente que se están a vulnerar dereitos fundamentais nas persoas con diagnóstico psiquiátrico? Por que actuar a posteriori e non preventivamente?

Cantas veces teremos que facernos eco dunha información tan dura como esta? **Unha persoa que acude a urxencias con clínica psiquiátrica ten que sufrir a violencia de ser atado durante días, perdendo a mínima liberdade que lle da o seu corpo, sen poder moverse. Sen darlle unha solución. Sen recibir a atención integral á que ten dereito na unidade especializada para o seu caso.** É que as persoas psiquiatrizadas son de segunda categoría?

Pensa a Xunta de Galicia implementar medidas urxentes para eliminar a contención e garantir os Dereitos Fundamentais das persoas con diagnóstico psiquiátrico?

Son conscientes do efecto traumatizante da coerción nas persoas afectadas? E do efecto de perda de confianza na atención sanitaria para unha persoa que está en situación de vulnerabilidade (como vai confiar para o seu coidado na institución que exerce violencia? Va a Xerencia a pedir desculpas, como mínima reparación do dano, ao paciente e achegadxos?

E moi preocupante, polas implicacións legais que tería: sendo un ingreso involuntario, realizouse o procedemento de autorización xudicial tal como marca a lexislación? (notificar antes das 24 horas ao tribunal, e ser ratificado polo este nun prazo máximo de 72 horas tras o seu coñecemento)

[A Xerencia do CHUAC é coñecedora desde hai anos da problemática que rodea a contención e outras prácticas coercitivas.](#) E a coñece dun xeito tráxico, que non se deba repetir.

Seguiremos pendentes do curso deste caso, porque non se pode pechar en falso un asunto tan grave.

MGSM

30 de marzo de 2022

<http://movementogalegosaudemental.gal/>

<https://www.facebook.com/movementogalegodasaudemental>